

# Un espazo para a memoria.



Memoria de actividades 2022

Asociación galega de axuda aos enfermos  
con demencia tipo Alzhéimer

“Aínda que non saibas  
quen son, sempre saberás  
que te quero”

# O Alzhéimer

O Alzhéimer é unha enfermidade neurodegenerativa que se caracteriza, principalmente, pola aparición lenta de síntomas como a perda de memoria, trastorno de conduta, alteracións da linguaxe ou desorientación no espazo e que evolucionan ao longo dos anos.



Afecta a máis  
de **70.500**  
persoas en  
Galicia

A enfermidade de Alzheimer é a demencia máis común. Segundo as últimas estimacións **afecta a 800.000 persoas en España**, 70.500 delas en Galicia.

Unha das súas particularidades é que aínda hoxe en día se descoñecen as causas e, por este motivo, a **detección precoz** adquire un protagonismo especial.

# Índice

1.	Quen somos	Pax. 6	6.	Familiares	Pax. 56
2.	Proxectos	Pax. 21	7.	Formación	Pax. 60
3.	Servizos de prevención	Pax. 28	8.	Sensibilización e comunicación	Pax. 62
4.	Servizos de estimulación terapéutica	Pax. 37	9.	Voluntariado e prácticas	Pax. 70
5.	Centros de día	Pax. 44	10.	Axudas e entidades colaboradoras	Pax. 73

# 1. Quen somos

## 1. Quen somos



# Carta da presidenta

María Isabel Gey Pérez

Agadea recuperou no 2022 a actividade anterior á pandemia, aínda que como consecuencia dela, hai moita máis demanda de servizos.

Neste ano empezamos un proxecto coa Fundación La Caixa relacionado co emprego das novas tecnoloxías aplicadas á saúde como por exemplo as terapias con realidade virtual inmersiva.

Continuamos con programas de prevención no rural, Cultiva o corpo e Envellecemento Activo, que axudan a facer cribados para a detección precoz de deterioro cognitivo. Achegámonos ao rural inaugurando dous centros terapéuticos en Boiro e Aguiño.

No ámbito máis lúdico convocouse o Premio Literario Simbad para o recordo e o Alzheimer. O obxectivo é que a cativada coñeza por medio da lectura o que significa esta enfermidade, aprenda a convivir con ela e a naturalizar as enfermidades cognitivas.

As persoas afectadas de Alzheimer e quen os coida están estigmatizadas na sociedade por descoñecemento e cómpre darlles o coidado e apoio que precisan. Deben deixar de ser vistas como alleas á sociedade, por iso nos comprometemos a facer todo o que estea da nosa man para tentar conseguir a aceptación e normalización da enfermidade.

Como contrapunto positivo a Axencia Europea do Medicamento está en proceso de aprobar este ano un medicamento novo, o Lecanemab, unha porta á esperanza xa que ralentiza o curso da enfermidade, despois de 20 anos sen novos fármacos que permitan tratar a doenza. Limar o estigma que sofren as persoas afectadas e unha aposta clara polo diagnóstico precoz son dúas medidas fundamentais para potenciar a eficacia da nova medicación e para levarlle a dianteira ao Alzhéimer.

Por último urxe un Plan Galego de Demencias que recoñeza que o Alzheimer e o resto de demencias sexan unha prioridade na saúde pública e na atención social e sanitaria.

# #ELEMBRATEDOALZHEIMER



28 anos atendendo ás familias.  
Prestamos servizo a 791 persoas.

## 1. Quen somos

# Camiñamos ao lado das familias

Un 25 de marzo de 1994 constitúese en Santiago de Compostela a primeira Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzhéimer (AGADEA), sendo **a primeira asociación deste tipo que se crea a nivel autonómico.**

Somos unha entidade sen ánimo de lucro formada por persoas usuarias, familiares, profesionais e voluntariado que **traballamos por mellorar a calidade de vida dos afectados (enfermos e cuidadores)** pola doenza de Alzhéimer e doutras demencias. Para lograr estes obxectivos, ofrecemos recursos, servizos e actividades que cobren as necesidades que van xurdindo nas diferentes etapas.

A nosa misión principal é impulsar a atención integral e especializada mediante a planificación, organización e coordinación de programas e servizos de calidade a través dunha estrutura dinámica, sólida, transparente e participativa.

## A nosa rede de acción

- Persoas maiores sás.
- Persoas con demencias neurodexenerativas
- Familias e persoas cuidadoras
- Profesionais sanitarios
- Medios de Comunicación e Poboación en Xeral.



1. Quen somos

# Atención no entorno máis cercano

Promovemos unha rede de centros que favorecen a permanencia no contorno habitual. Desta forma proporcionamos apoio e respiro ás familias durante o día e os maiores lle prestamos unha atención terapéutica integral e plural, promovendo a súa autonomía persoal e, ao mesmo tempo, potenciamos as relacións sociais no seu ámbito habitual.



**AGADEA foi declarada de Utilidad Pública en BOE NUM 134 ORDEN 21 DE MAIO DE 2008.**

Temos implantado o sistema de Xestión de Calidade baixo a **NORMA UNE-EN ISO 9001:2015, certificada por APPLUS+ no Centro de Día.**

**Centro de día Salgueiriños:** Rexistro Sanitario: C-15-004336

**Servizo de Estimulación do Ensanche:** Rexistro Sanitario: C-15-004150

**Centro de día de Alzheimer de Ribeira:** Rexistro Sanitario: C-15-002952

# 1. Quen somos



## Os nosos centros en Galicia



### Santiago de Compostela

Centro de Estimulación  
Terapéutica do Ensanche

Centro de día para persoas  
maiores AGADEA

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Salgueiriños

### A Estrada

Centro de Estimulación  
Terapéutica da Estrada

Centro de día de persoas  
maiores do concello da  
Estrada

### Ribeira

Centro de Día Alzheimer de  
Ribeira

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Ribeira

### Vedra

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Vedra

### Aguiño

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Aguiño

### Boiro

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Boiro

### Teo

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Teo

### Trazo

Centro de Estimulación  
Terapéutica de Trazo

## 1. Quen somos

# A persoa, no centro do proceso

Contemplamos **cinco eixes de intervención nos cales promovemos a prevención e o fomento da autonomía** das persoas maiores e facilitamos as transicións no seu proxecto de vida.

Apostamos por unha **cidadanía activa, participativa coa comunidade**, e por uns coidados centrados na persoa respectando sempre as súas decisións, preferencias e opcións persoais. Outros dos nosos eixes é favorecer a permanencia no entorno persoal, familiar e comunitario.



## Os 5 eixes do noso proceso

### Prevención

As persoas que son física e mentalmente activas son menos propensas a presentar unha deterioración da función mental.

A través dos **programas de Envelhecimento Activo, Cultiva o Corpo e Activa-T** potenciamos as súas capacidades.

### Estimulación

A estimulación cognitiva é unha terapia non farmacolóxica que ten por obxecto **manter á persoa con demencia activa e estimulada**.

Contamos con equipos profesionais multidisciplinar que trata de retardar, na medida do posible, a deterioración cognitiva que leva a enfermidade.

### Coidado e apoio

Coa idea de **"adaptar o centro ás persoas e non as persoas ao centro"** coidamos dos doentes cos apoios necesarios para que poidan desfrutar o seu día a día.

Conscientes das necesidades das familias os nosos horarios son amplos e con dispoñibilidade de servizo de transporte adaptado e servizo de catering. Este ano tamén estreamos un novo **SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR**.

### Familias

**O rol da persoa cuidadora é fundamental** para asegurar a calidade de vida do doente e súa propia.

Atención psicolóxica, formación, asesoramento, respiro familiar, acompañamento... en definitiva, unha rede de apoio integral.

### Sensibilización

Impulsamos campañas de sensibilización co fin de **influír na axenda mediática e concienciar á sociedade** do alcance real das demencias.

# A forza dun equipo implicado

O logro dos obxectivos marcados é posible grazas a un equipo profesional multidisciplinar que traballa de forma coordinada para conseguir que a persoa teña maior benestar e unha mellor calidade de vida.

O noso fin é ofrecer unha atención integral e adaptada ás necesidades físicas, mentais e emocionais de cada persoa e tamén aos seus gustos. **Contamos cun sistema de desenvolvemento humano e de planificación estratéxica forte, flexible e motivador.**

Asumimos retos de forma coordinada, traballando en equipo e poñendo no centro a cada persoa.



# 1. Quen somos

O cadro de persoal de AGADEA está formado por 51 persoas, das cales 46 son mulleres e 5 homes.

## Xunta Directiva

## Área Social

Traballo Social

## Área Terapéutica

Psicoloxía

Educación Social

Terapia Ocupacional

Fisioterapia

Auxiliar de Enfermería

Atención Sociosanitaria

## Área Administrativa

Administración

Contabilidade

## Área de Proxectos

Project Manager

Técnico de Proxectos

## Área de Comunicación, Sensibilización e Voluntariado

Coordinación

Community Manager



**CURSO** 'Novas metodoloxías para a implementación da calidade de vida en persoas maiores! Unha enriquecedora xornada que nos axudou a adquirir destrezas basadas nas novas tendencias de intervención.

A segunda foto recolle a asistencia ás Xornadas de Fagal.

1. Quen somos

# Fitos de Agadea

Case tres décadas despois seguimos traballando día a día para ofrecer unha resposta rápida e positiva ás familias alí onde se atopan. Prestamos un apoio de calidade baseado na profesionalidade dos nosos equipos e o facemos con coherencia, compromiso e ética profesional.



# 1. Quen somos

## Fitos de Agadea





## 1. Quen somos

# Novos centros en Boiro e Aguiño

Incrementamos a nosa presenza no Barbanza coa apertura de dous novos Centros de Estimulación Terapéutica, un en Boiro e outro en Aguiño.



Estes centros, que se abren conxuntamente cos concellos de ambas localidades, **teñen como fin retardar o deterioro cognitivo traballando a memoria, a orientación, a linguaxe e o cálculo** e desta forma mellorar a calidade de vida das persoas maiores, así como se benefician as relacións interpersoais.

Están dirixidas a persoas con deterioro cognitivo e con demencias neurodexenerativas. Estes servizos contan con profesionais de fisioterapia, psicoloxía, Educación Social e xerocultores/as.



## 1. Quen somos

# Sumando esfuerzos

## A nosa rede de socios e socias

Os nosos socios e socias son persoas comprometidas coa entidade, que nos apoian e nos dan a forza para seguir adiante.



Contamos cun total de 412 persoas socias no ano 2022, dos cales **a maioría delas teñen relación directa coa asociación (usuarios/as, cuidadores/as principais e familiares)** aínda que existe unha porcentaxe que teñen relación indirecta (antigos socios, persoas alleas ó centro, etc.).


As vantaxes de ser socio son, entre outras, a **obtención de préstamos de axudas técnicas, atención xurídica, psicolóxica, tamén servizo de fisioterapia** con aplicación de tarifa reducida nas consultas e servizos de podoloxía con aplicación de tarifa reducida nas consultas.



## A túa achega destinase a:

- Fortalecer a estrutura da Asociación.
- Aos programa de atención a familias
- Campañas de sensibilización nas que se informa e dá a coñecer a realidade desta enfermidade.
- Realizar Proxectos dirixidos á mellora na atención directa as persoas usuarias


# Agadea en cifras



<b>Servizo de Estimulación Terapéutica</b>	229 persoas
<b>Centros de día</b>	
Centro de día de persoas maiores do concello de A Estrada	38 persoas
Centro de día Alzheimer de Ribeira	43 persoas
Centro de día para persoas maiores AGADEA	37 persoas
<b>Programas de prevención</b>	
Envelhecimento Activo	154 persoas
Cultiva o corpo	216 persoas
Activa-T (Ensanche)	43 persoas
<b>Atención ás familias</b>	
Escola de familias	18 persoas
Atención psicolóxica	17 persoas
Atención xurídica	10 persoas
<b>Voluntarios/as</b>	37 persoas
<b>Alumnado en prácticas</b>	37 persoas
<b>Socios/as</b>	412 persoas

# Agadea en cifras

Crecimiento do número de persoas usuarias nos últimos 8 anos



# 2. Proyectos

Cinco proyectos, un reto:  
Avanzar nos cuidados.

# Aulas dixitais terapéuticas

Transformación dixital dos centros de día creando tres aulas dixitais.



## Aulas dixitais terapéuticas

Acción	Implementación de material tecnolóxico
Implantación	Centro de día Alzheimer Ribeira, Centro de día de persoas maiores do concello de A Estrada, Centro de Estimulación Terapéutica do Ensanche.
Beneficiarios	100 persoas usuarias
Obxectivo	Optimización dos servizos e fortalecemento das capacidades dixitais dos maiores
Descrición	Coas aulas dixitais rachamos a fenda dixital existente coas persoas maiores. <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Xerouse novas terapias cognitivas a través das TICs.</li><li>▪ Conseguiuse mellorar a intercomunicación entre usuarios/as dos tres centros de AGADEA evitando o illamento xerado tras a pandemia de COVID 19.</li><li>▪ Alcanzouse a reducir os tempos de resposta nas distintas necesidades dos tres centros de día de AGADEA.</li></ul>

Tamén creamos o laboratorio **AGADEA Design Thinking**, espazo que se centrou no desenvolvemento cognitivo e físico e actividades de interconexión e participación coa comunidade. Fixemos coincidir as necesidades das persoas co que é tecnoloxicamente factible.

# Tecendo alianzas cos centros de saúde

Programa de rehabilitación integral para persoas con Alzheimer no rural; a perfecta combinación da acción sanitaria e social



## Tecendo alianzas cos centros de saúde

<b>Acción</b>	Mellorar a calidade de vida e calidade asistencial das persoas con Alzheimer mediante un plan de intervencións composto de actividades individuais e grupais levado a cabo por un grupo profesional interdisciplinar
<b>Implantación</b>	Intervencións terapéuticas integrais no rural: Vedra, Trazo, Teo, e zonas de Santiago e A Estrada.
<b>Beneficiarios</b>	Directas: 21 persoas: 16 mulleres e 5 homes. Indirectas: 42 persoas familiares e cuidadoras.
<b>Obxectivo</b>	Mellorar os recursos sociosanitarios no rural
<b>Descrición</b>	Este proxecto permitiunos mellorar a calidade de vida das familias do rural e ademais fomentamos o traballo conxunto e de coordinación cos centros de atención primaria da área de Santiago. Unha satisfacción que nos abriu o campo a novos proxectos, como un futuro servizo de estimulación no concello de Cuntis. O programa completouse con intervencións socio-sanitarias en domicilios.

[LIGAZÓN AO VIDEO](#)

## Proxecto

# Mulleres coidadoras na igualdade:

Fortalecendo a rede social.  
Programa dirixido a mulleres  
en situación de especial  
vulnerabilidade



## Identidades positivas e resilientes

<b>Acción</b>	Mellorar a calidade dos coidados, a calidade de vida diaria e o impacto sobre o benestar subxectivo da muller coidadora informal dun familiar dependente. Mediante este proxecto leváronse a cabo sesións grupais, sesións individuais e formativas coa intención de fortalecer a rede social e crear unha identidade positiva e resiliente
<b>Beneficiarios</b>	16 mulleres
<b>Obxectivo</b>	Apoio á persoa coidadora coa escoita activa, empatía, autorregulación e validación emocional. Persoal especializado axuda á detección e resolución de problemas e mellora da comunicación intrafamiliar.
<b>Descrición</b>	En base as necesidades de cada participante melloramos a súa calidade da vida diaria mediante o aporte de información sobre factores que inflúen no autocoidado e coidado informal dun familiar. Algunhas das nosas participantes atopábanse en situación de soidade, ou adoptando un rol de coidadoras de forma obrigada. Mediante charlas achegámoslle información para adquirir coñecementos xerais sobre atención, aptitudes e habilidades que lles permitiron exercer o coidado do familiar, mellorar a súa capacidade para pedir axuda e coidarse a se mesmas.



Proxecto

# Con-Cuidados!

Á vangarda da tecnoloxía nos coidados.

Programa rehabilitador de gran impacto a través da realidade virtual inmersiva.



## Con-Cuidados!

<b>Acción</b>	Implantación de novas terapias de rehabilitación e atención, tanto persoa usuaria como á persoa coidadora. Nestes programas abordamos as necesidades dos maiores mellorando a súa calidade de vida e favorecendo a permanencia na contorna persoal
<b>Implantación</b>	Os nosos centros no concello de Trazo, Vedra, A Estrada, Ribeira, Teo, e de Santiago de Compostela.
<b>Beneficiarios</b>	Persoas usuarias dos centros terapéuticos.
<b>Obxectivo</b>	Entre os obxectivo está o desenvolvemento da calidade de vida da persoa desde a perspectiva da ACP (Atención centrada na persoa).
<b>Descrición</b>	Incorporamos tecnoloxías innovadoras da serie games, contornas inmersivas con realidade virtual, e técnicas de neurofeedback avanzadas (EEG), co fin de intervir coas persoas maiores con enfermidade de Alzheimer e outras demencias a nivel fisiolóxico, emocional e cognitivo e coas súas persoas coidadoras familiares grazas a unha plataforma sinxela e de fácil uso.



# O teu Xacobeo: un Camiño de Lembranzas

Fixemos o Camiño para  
mellorar a inclusión social das  
persoas con demencia

## O teu Xacobeo

<b>Acción</b>	Un grupo de persoas maiores con enfermidade neurodexenerativas realizaron o Camiño de Santiago, co obxectivo de difundir as experiencias e historias que alí viviron. Esta viaxe a través do Camiño Portugués levounos dende a Illa de Arousa, ao río Ulla cara Pontecesures e continuamos a rúa a pé ata Compostela.
<b>Beneficiarios</b>	Un total de 30 peregrinos/as con demencia ou Alzheimer. Estivemos acompañados por dúas voluntarias, tres técnicas de AGADEA. Apadriñou o proxecto Emilio Guillín, presentador da TVG, e a influencer Laura Franco, que contaron a nosa experiencia a través dun Caderno de Bitácora audiovisual.
<b>Obxectivo</b>	Ademais de compartir e difundir o patrimonio natural, cultural e humano da ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, este Camiño tamén serviu para mellorar a inclusión social de persoas con demencia e a participación con colectivos vulnerables no Camiño. Promovemos un camiño máis inclusivo, demos visibilidade e sensibilizamos sobre a enfermidade do Alzheimer, contribuíndo a deixar de estigmatizala. Tamén conseguimos a participación cidadá e da comunidade por onde realizaremos o proxecto coñecendo e dando a coñecer o patrimonio cultural, natural e social no que conviven, promovendo a participación dos peregrinos que pasan por alí, ofrecéndolles unha experiencia máis especial.

## Proxecto

# O teu Xacobeo: un Camiño de Lembranzas



## O teu Xacobeo

### Descrición

Realizamos o Camiño de Santiago dende a illa de Arousa, pasando por Catoira, Pontecesures, Rois ata chegar a Santiago de Compostela. Nas nosas camisetas levamos catro frechas que nos identifican e que chegaron a lugares tan lonxanos como aos Estados Unidos. Neste camiño contactamos con peregrinos, residentes no ámbito rural, persoas maiores, xente nova, persoas con discapacidade... en resumo, un proxecto para a cidadanía en xeral.

[LIGAZÓN AO VIDEO](#)

# 3. Servicios de prevención

### 3. Servizos de prevención

# Sorteando a demencia

Levámoslle a dianteira á demencia

Detectar unha sintomatoloxía cognitiva incipiente, supón dalgunha maneira levarlle a dianteira á demencia.

Permite, por unha banda, **anticiparnos ao proceso de evolución da enfermidade**, posibilitando unha asunción e unha preparación afectiva, e tamén buscando os recursos e ferramentas adecuadas para cada fase.

Doutra banda, unha actuación rápida non vai reverter a sintomatoloxía cognitiva e facer que desapareza, pero si consegue que estas persoas respondan mellor ás terapias, á estimulación cognitiva, que desenvolvan métodos de compensación, **e que se retarden as escaladas rápidas de deterioración da enfermidade.**



### 3. Servicios de prevención

En AGADEA desarrollamos tres programas de prevención:

#### 1. Envejecimiento activo

---



#### 2. Cultiva o corpo

---



#### 3. Activa-T

---



# 1. Envellecemento activo

Nove talleres de Envellecemento Activo, a maioría no rural e atención a 154 maiores.

154

Participantes



A medida que a poboación envellece, as súas funcións cognitivas deteríoráanse e o seu corpo experimenta novas limitacións, mesmo, algunhas persoas íllanse da sociedade. O noso programa de Envellecemento Activo busca **mellorar o estado mental, físico, emocional e social das persoas maiores e aumentar a súa esperanza de vida.**

Promocionar o envellecemento activo é crucial para nós. Temos o compromiso de traballar para que os maiores teñan un papel máis relevante na nosa sociedade e asegurar a súa calidade de vida.

Alguns dos contidos que tratamos nos talleres de envellecemento activo son:

- Traballo dos diferentes dominios cognitivos (memoria, atención, linguaxe, funcións executivas...)
- O envellecemento activo. Como envellecer de forma saudable.
- Cambios cognitivos no envellecemento normal.

### 3. Servizos de prevención

# Envellecemento activo

**Profesionais Implicados.** O programa de envellecemento activo foi coordinado e impartido polas psicólogas da asociación.

**Poboación a que vai dirixido.** Este proxecto está dirixido a persoas maiores de 60 anos, que non sufran deterioro cognitivo e que estean interesadas en previr a perda de memoria ou outras capacidades intelectuais coma consecuencia do envellecemento.

## Participantes

			
<b>Santiago Ensanche</b>	30	6	<b>36</b>
<b>Riobó</b>	10	2	<b>12</b>
<b>A Estrada</b>	15	3	<b>18</b>
<b>San Xulián de Veá</b>	6	1	<b>7</b>
<b>Vedra</b>	28	4	<b>32</b>
<b>Enfesta</b>	7	1	<b>8</b>
<b>Lavacolla</b>	11	0	<b>11</b>
<b>Calo</b>	6	0	<b>6</b>
<b>Ribeira</b>	22	2	<b>24</b>
<b>TOTAL</b>	<b>135</b>	<b>19</b>	<b>154</b>



# NeuronUp

## Adestramento cerebral profesional dende a casa

Implantamos o **programa online NEURONUP**, a ferramenta de neurorehabilitación líder en España

Nesta ferramenta de estimulación cognitiva levamos a cabo o programa de Envellecemento Activo online, a través do cal adestrar as habilidades cognitivas, funcionais e sociais coa axuda das novas tecnoloxías e dende a casa.

- Está dirixido pola psicóloga de AGADEA quen diseña un programa de actividades totalmente personalizado ás capacidades dos usuarios a través da plataforma NeuronUP.
- Para persoas maiores de 60 anos



3. Servizos de prevención

## 2. Cultiva o corpo

Aumentamos o benestar e potenciamos as relacións sociais.

216

Participantes



O noso taller de Cultiva o Corpo **ofrece beneficios físicos e psíquicos**, axudando a mellorar a axilidade, o equilibrio e a coordinación, xa que o tipo de actividades que se desenvolven para potenciar estas calidades requiren atención e concentración; mellorando por tanto a saúde mental de todos os pacientes e contribuíndo ao seu benestar.

Por outra banda, **durante as sesións o practicante reforza a súa autoestima e as súas relacións sociais**. En primeiro lugar, porque se sentirá realizado ao verse capaz de levar a cabo os exercicios e, ademais, porque se sentirá apoiado e motivado polos seus compañeiros.

[LIGAZÓN AO VIDEO](#)

### 3. Servizos de prevención

## Cultiva o corpo

**Poboación a que vai dirixido.** O noso taller de Cultiva ou Corpo vai dirixido fundamentalmente a persoas maiores de 50 anos sen deterioración cognitiva que desexen ter un envellecemento activo e saudable a través do coñecemento do propio corpo, utilizando a práctica sistemática de exercicios físicos en grupo.

#### Participantes



#### Santiago

Ensanche 1	4	1	5
Ensanche 2	4	2	6
A Peregrina	13	2	15
Salgueiriños 1	17	3	20
Salgueiriños 2	19	5	24
Figueiras	23	5	28
Nemenzo	16	-	16
O Eixo Bornais	14	2	16
Lavacolla	18	-	18
As Cancelas	16	-	16
Ribeira	20	1	21
Vedra	17	0	17
A Estrada	14	-	14
<b>TOTAL</b>	<b>195</b>	<b>21</b>	<b>216</b>

## Excursión a Illa de San Simón:

A excursión e unha actividade lúdica que ten unha función terapéutica esencial para fortalecer as relacións no grupo, a autoestima e a mobilidades das persoas maiores.

[LIGAZÓN AO VIDEO](#)



### 3. Servizos de prevención

# 3. Activa-T

Cara á maior independencia e autonomía. Incentivamos a participación na vida social e cultural

43

Participantes

Este servizo está destinado as persoas que presentan un deterioro incipiente e leve das súas capacidades cognitivas e precisan previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar o seu grao de autonomía.

O servizo conta coas seguintes prescricións:

- Terapia de orientación á realidade (TOR).
- Estimulación cognitiva (grupal e individual).
- Actividades físicas (xerontoximnasia)
- Actividades de lecer e tempo libre

Somos un colectivo máis no eido social e cultural da nosa cidade

Neste ano 2022 tivemos ocasión de reanudar as nosas estrañadas saídas culturais. Entre outras unha visita guiada á exposición "Memorias do Café Derby", visita ao Museo do Pobo Galego á exposición "Son[Em]peza!", e a Casa Museo Rosalía de Castro. Tamén visitou o noso centro o mago Xacobe Sanz, a poeta Amanda Plaza, para realizar unha lectura poética e realizamos un apoio activo das Tanxugueiras cara o Festival de Eurovisión.



### 3. Servizos de prevención

## Activa-T

**Profesionais Implicados.** O programa lévase a cabo no Servizo de Estimulación Terapéutica do Ensanche, en Santiago de Compostela. Está dirixido pola Educadora Social e a Psicóloga.

**Poboación a que vai dirixido.** Persoas que presentan un deterioro incipiente e leve das súas capacidades cognitivas e precisan previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar o seu grao de autonomía.

#### Participantes



<b>Santiago Ensanche</b>	27	16	43
--------------------------	----	----	----

## Novo taller de musicoterapia

A capacidade de **sentir emocións e a memoria musical** perduran ao longo da doenza, polo cal a abordaxe musicoterapéutica é fundamental para nós.



# 4. Servizio de Estimulación Terapéutica

## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Os nosos centros

Contamos con 9 centros perfectamente integrados no seu entorno.

Os nosos centros están destinados a mellorar a calidade de vida das persoas que sofren algún tipo de demencia neurodexenerativa, en especial as persoas que padecen Alzheimer.

Para iso, dentro do Servizo Específico de Estimulación Terapéutica, **impartimos actividades como:**

- Terapias de Orientación a Realidade
- Actividades físicas
- Estimulación cognitiva
- Actividades lúdico-manipulativas
- Actividades extraordinarias
- Saídas culturais.

As actividades prográmanse e establécense en función das capacidades cognitivas das persoas que conforman o grupo.



**Este ano incorporamos, por primeira vez, a terapia asistida con animais.**

## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Área de influencia

### Usuarias/os



Santiago Ensanche	46	29	75
Santiago Salgueiriños	16	9	25
Trazo	5	5	10
Vedra	16	4	20
Teo	14	2	16
Ribeira	33	10	43
A Estrada	20	9	29
Boiro	6	2	8
Aguiño	7	2	9
TOTAL	159	70	229

## Cómo axudamos á persoa que é consciente do seu deterioro?

### Novo servizo de atención psicolóxica directa a persoas usuarias.

Un servizo que se ofrece desde o departamento de psicoloxía para atender mediante sesións individuais a aquelas persoas usuarias (de centro de día, servizo de estimulación terapéutica ou actívate) **cun grao alto de conciencia do seu deterioro, e que lles ocasiona frustración e sufrimento** a nova situación vital á que se teñen que adaptar.

Isto realízase a petición da persoa usuaria, da técnico de referencia que percibe a necesidade, ou da propia psicóloga que o detecta nas valoracións iniciais.



## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Terapias con animais

Este ano incorporamos, por primeira vez, a terapia asistida con animais.



### Pisto O noso can de terapias

A terapeuta ocupacional de Trazo Uxía Leis Piñeiro levou a cabo esta terapia co can Pisto. Nesta actividade as persoas usuarias fomentaban diferentes ABVDs e AIVDs, como por exemplo, aseo e hixiene (limpando e peiteando a Pisto), alimentación (recordando que lle tiñan que dar de comer a Pisto a unha hora en concreto da tarde, botándolle a comida, etc.) e ocio e tempo libre (paseaban con Pisto polos arredores do centro, cada día levando unha persoa usuaria distinta a correa do can). Ademais, realizaban diferentes exercicios de coordinación e de recordo de diferentes pasos para chegar a un fin, por exemplo, darlle a Pisto as fichas da TOR.



### Graxa Pico e Fuciño

A graxa estradense Pico e Fuciño ten todo tipo de animais cos que o público en xeral pode interactuar. O CD e CT de A Estrada, acuden unha vez ó mes a este lugar para poder levar a cabo pequenas actividades de campo, ó aire libre, fora do entorno habitual do centro: desbrullar millo, dar de comer ós animais, cepillar os ponys e burros, desfrutamos da natureza e o aire libre.

Moitos dos nosas persoas usuarias recordaban os seus traballos na labranza e gandería durante as visitas.



## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Actividades cotiás e coa comunidade

## 8 de marzo

Celebramos o día da muller acudindo a unha **exposición na Casa das Letras de A Estrada**. Esta exposición tiña de especial que fora realizada por unha muller estradense, recollendo pequenas grandes historias de mulleres que non son contempladas na historia nin nos libros (algunhas delas pertencentes ó noso pobo). Mentres no centro de Salgueiriños conversamos sobre o tema.

A finais de marzo tamén contamos coa fermosa **visita dun grupo de gaitas da nosa zona, TAMPARRANTÁN**, que nos agasallaron coa súa música e os seus bailes.



## Os Maios máis interxeracionais

En A Estrada celebramos “OS MAIOS” coa escola infantil Elfos. Neste caso, acudimos ó seu centro coa finalidade de realizar unha actividade interxeracional, elaborando conxuntamente a estrutura de flores. Unha vez alí, compartimos contos e cantigas populares cos nenos/as e mestras.

Da mesma maneira, entendendo o valor e a importancia que teñen este tipo de actividades interxeracionais, a cativada desta escola acudiu ó noso centro para celebrar con nós o Día do Alzhéimer: en esta ocasión trouxeron as súas marionetas para contarnos un conto e aproveitamos para a realización dun mural conxunto cheño de estrelas.



## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Actividades cotiás e coa comunidade

## O Entroido do Xacobeo

Para celebrar o Entroido realizouse unha festa nos centros onde as **persoas usuarias e o cadro de persoal se disfrazaron da Tuna de Compostela** para conmemorar o Ano Xacobeo 21/22.

Degustamos os doces típicos destas datas, houbo photocall e cantamos cancións típicas da tuna.



## Magostos en pleno casco histórico


As festas tradicionais galegas teñen un éxito rotundo entre as **persoas usuarias**. Neste caso en Santiago celebramos o Magosto na zona vella de Santiago, con castañas e música do noso voluntario Eugenio, un acordeonista maxistral.



## O San Xoán



En todos os centros celebraron esta festa tan típica galega. Concretamente en Teo a técnica e a xerocultora do centro, **confeccionaron unha cacharela para que as persoas usuarias puideran saltala e a lectura do conxuro de San Xoán coa queimada**.



## 4. Servizo de Estimulación Terapéutica

# Actividades cotiás e coa comunidade

## Celebracións e apoios solidarios

En Ribeira iniciamos a xornada repasando a lotería especial de Nadal e o impacto da mesma en Galicia. **AGADEA tamén conta con número propio de lotería**, aínda que un ano máis a sorte esquivounos.

As persoas usuarias texeron como mostra da apoio ás persoas afectadas pola cruel guerra de Ucraína.



## Taller de horticultura

**Actividade na que as persoas usuarias plantaron diferentes tipos de plantas en macetas.** Con isto, identificaron os tipos diferentes que hai, o que necesitaban para plantalas (planificación da actividade) e a realización dunha actividade significativa para eles, xa que a gran maioría dedicáronse á agricultura toda a súa vida.

Debido a isto, tamén se realiza un exercicio de reminiscencia, xa que **esta actividade evoca recordos do pasado e dunha parte moi importante da vida das persoas**, como é o traballo.



# 5. Centros de día

Espazos para a memoria.

Apostamos por **novos modelos de coidado**,  
centrados nunha atención personalizada,  
respectuosa coa historia de vida da  
persoa usuaria, cunha relación fluída e  
participación das familias.

## 5. Centros de día

# Unha proposta de valor:

Terapias, acompañamento e  
entretemento

AGADEA conta con **tres centros de día, en Ribeira, A Estrada e en Santiago de Compostela**. Os nosos centros de día supoñen un recurso asistencial de atención diúrna onde a persoa enferma recibe os cuidados profesionais adaptados á súa situación de deterioración ou dependencia, mentres ao familiar lle permite compaxinar o cuidado coa súa vida laboral e familiar.

O equipos profesionais, en xeral, están compostos por: psicóloga, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, educadora social, traballadora social, auxiliar de enfermería e xerocultor/a.

Ademais, normalmente contan, de forma externalizada, cunha enfermeira, unha podóloga e unha perruqueira. Tamén se ofrece servizo de transporte, de xestión da medicación e de alimentación e nutrición.



# Unha proposta de valor

## Cales son os nosos obxectivos?

- Favorecer e rehabilitar o mantemento físico
- Realizar actividades cognitivas e funcionais recomendadas e adaptadas a cada unha das fases da evolución da enfermidade
- Promover que a persoa se manteña o maior tempo posible a súa autonomía persoal.
- Fomentar as relacións sociais dentro e fóra do centro.
- Previr e/ou tratar outros síntomas afectivos de comportamento que poden aparecer no desenvolvemento dunha demencia.
- Garantir o coidado persoal das persoas usuarias e o apoio preciso no desenvolvemento das actividades da vida diaria.

## Como o facemos?

Levamos a cabo **terapias non farmacolóxicas dirixidas a manter e/ou mellorar as destrezas** que permiten á persoa participar nas ocupacións da vida diaria:

- Terapia de orientación á realidade (TOR)
- Reminiscencia
- Estimulación cognitiva
- Adestramento das destrezas motoras e de praxe
- Xerontoximnasia
- Adestramento das actividades da vida diaria
- Actividades baseadas na ocupación

## 5. Centros de día

# Centro de día de Alzheimer de Ribeira

Unha entidade certificada cos máis altos estándares de calidade.

As acreditacións deste centro consolidan e avalan a liña de traballo de AGADEA:

- 2010: ábrese o centro
- 2013: inscrita no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-002952 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- 10/05/2013 APPLUS certificou que o sistema de calidade desenvolto por AGADEA no Centro de día de alzheimer de Ribeira, é conforme cos requisitos da norma ISO 9001:2008. Renóvase cada 3 anos, sendo vixente desde 11/05/2022 conforme a los requisitos da norma UNE - EN ISO 9001:2015. Actualmente está en período de revisión



**Persoas usuarias**



**Ribeira**

33

10

43



## 5. Centros de día

# Centro de día para persoas maiores do concello de A Estrada

Un referente nas relacións interxeracionais.

O noso ámbito de intervención é o concello de A Estrada. Destacar que, dado o carácter municipal do centro, o acceso ao mesmo realízase de xeito privado, non sendo necesario o recoñecemento da situación de dependencia.

Ademais das actividades cotiás a súa aposta é clara por **establecer vínculos entre os maiores e a cativada da zona.**

- 2019 nace o Centro de Día para persoas maiores do concello de A Estrada.
- O centro conta coa acreditación de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-560-C-2.
- 2020. O centro de día conta coa autorización Sanitaria C-36-003167.



**Persoas usuarias**



A Estrada

22

16

38

## 5. Centros de día

# Centro de día para persoas maiores AGADEA

Modelo de coidado centrado  
na persoa.

O noso centro de día en Santiago **céntrase no coidado, tanto físico como anímico dos maiores realizando multitude de actividades significativas, interxeracionais e visitas de lecer.**

O seu ámbito de actuación é a cidade e os seus arredores.

- No 2020 abre o Centro de Día.
- 2021 outorgouse a autorización Sanitaria de funcionamento, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-004336 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



**Persoas  
usuarias**



**Santiago**

24

13

37

## 5. Centros de día

# Actividades que impactan directamente no benestar da persoa

Entre as actividades terapéuticas levadas a cabo, destacan a de **estimulación cognitiva individual e a grupal**.

Propóñense obradoiros relacionados coas distintas festividades locais e nacionais (entroido, a dorna, samaín, nadal...) e obradoiros de reminiscencia inspirados na historia de vida das persoas usuarias do centro de día.

Tamén **xerontoximnasia** coa que se pretende mellorar a mobilidade corporal xeral, a capacidade cardiorespiratoria e establecer un ritmo adecuado vixilia-sono desenvolvendo a tolerancia ao traballo.

Por outra banda realízanse **actividades de psicomotricidade**, como xogos motrices, actividades con material (aros, pelota, globos...), ou ritmo. En fases máis avanzadas estímúlanse os reflexos voluntarios básicos.



Actividades  
arraigadas  
coa súa forma  
de vida.

## 5. Centros de día

# Actividades en A Estrada

## Proxecto co alumnado dos colexios de Primaria de A Estrada

Creamos en equipo multidisciplinar con procesos de traballo diferentes, en función da idade dos nenos aos que nos diriximos, e enfocamos as sesións de sensibilización sobre o Alzheimer adaptándoas á cativada. Unha actividade moi enriquecedora, para eles e para nós!



## Taller de cociña e saídas

O taller de cociña está encamiñado a estimular as destrezas cognitivas, sensoriais, motoras e de praxe. Especialmente no mes do nadal estivemos moi ocupados/as. Fixemos un biscoito e decorámolo moi navideño. Saímos a ver o Belén da Igrexa da Estrada e adiantamos o fin de ano para tomar as 12 uvas do mediodía do día todos xuntos e sacámonos moitas fotos cos nosos seres máis queridos no photocall do centro.

## Horta

A gran maioría de persoas usuarias do centro de día están vinculadas ao campo, polo que a realización de talleres relacionados coa agricultura lles xenera unha sensación de benestar, favorece o desenvolvemento da motricidade fina e grosa e estimula a memoria.

# Actividades en Ribeira

## Visítanos o influencer Rogelio Santos

12º Aniversario Centro de Día: Invitamos como "Pregonero" a Rogelio Santos, mariñeiro e divulgador, quen nos fala un pouco da importancia de coidar, non só os recursos que a natureza nos ofrece senón tamén ás persoas maiores como parte fundamental da sociedade. A continuación disfrutamos da Festa Guateque, con música dos 60-70.

## Saída a Coroso

Desprazámonos ata a Praia de Coroso. Realizamos sesión de Xerontoximnasia a pé de Praia e paseamos pola zona.

## Encontro con estudantes

Encontro co Colexio Sagrado Corazón de Jesús -Castiñeiras- (2º Primaria): Invitamos ó alumnado a descubrir a dinámica do noso centro a través de pequenas sesións de Orientación (pizarra interactiva), xerontoximnasia (con pelotas), xogos de psicomotricidade (o salvavidas), e actividades de estimulación cognitiva interactivas (ventanas iluminadas). Despedímonos realizando unha coreografía ensaiada polas persoas usuarias do centro nos últimos días.

## Colaboración coa comunidade

Colaboración coa Cofradía da Dorna. Visitounos a presidenta da Cofradía da Dorna (Sara Sevilla) para falarnos sobre a historia da Festa da Dorna. O C.D. Ribeira colabora este ano realizando as pancartas para as agrupacións gaiteras polo que ensinamos a Sara as nosas creacións.



# Actividades en Salgueiriños

## Talleres de cociña

Mantemos, na medida do posible, toda aquela actividade que lle fixo sentirse útil e ben, como pode ser a cociña. Ademais de xerar benestar, facemos que a persoa se centre en algo produtivo deixando de lado todo aquilo que xera malestar. A súa vez axudarlle á persoa para manter as súas capacidades residuais durante máis tempo intactas.



## Saídas e celebracións sociais

Fomentamos as relacións e participación social, estimula múltiples destrezas e promove o benestar psicolóxico, como o 8M, o Día da Muller Rural, o entroido, os maios e a celebración das Festas da Ascensión, unha celebración de moito arraigo para todos nós.

## Horticultura e actividade interxeracional o IES Camilo José Cela de Padrón

Os alumnos e alumnas do IES Camilo José Cela de Padrón visitaron as instalacións do Centro de Día Salgueiriños interesáronse polos servizos e as terapias non farmacolóxicas.

Ademais puideron participar nunha actividade interxeracional de horticultura, unha actividade da que nos sentimos especialmente orgullosos/as. De feito, da nosa horta saíron a lavanda para moitos dos regalos solidarios que adquire o público.

# 6. Familias

Cuidar e ser cuidado.  
Apoio emocional, legal e  
formativo para as famílias.



## 6. Familias

Familiares  
cuidadores,  
un 80% de  
mulleres.

### Persoas cuidadoras



**Familiar e muller**, estes dous rasgos debuxan o perfil predominante das persoas cuidadoras non profesionais en AGADEA. **As familias de AGADEA colaboran activamente cos centros**, participando en actividades, acompañando nas celebracións...



# 6. Familias

## Programa de información, valoración e orientación.

Este servizo de acollida vai dirixido á poboación en xeral, as familias das persoas usuarias de AGADEA e a todos os socios e socios da entidade.

**O primeiro paso deste programa é analizar a situación da posible persoa usuaria e do seu familiar con demencia.** A traballadora social é a encargada de realizar a acollida e esta primeira entrevista. A valoración é levada a cabo por unha Psicóloga e unha Traballadora social.

Por último, en función do resultado das probas, indicamos cal é o recurso/servizo que máis se axuste ás necesidades e ao nivel de deterioro do usuario, establecendo cantos e cales días acudirá o ao servizo así como o prezo dos mesmos.

## Asesoramento xurídico.

AGADEA ten dende fai varios anos un **convenio de colaboración cunha avogada que de xeito gratuíto, asesora e resolve dúbidas** respecto aos trámites para solicitar a incapacitación legal, as dereitos e as obrigas que implica o nomeamento como titor ou curador, etcétera. **Este servizo vai dirixido aos familiares e socios/as e prestamos servizo a 10 persoas.**

O 90% das consultas foron respecto á procedencia ou no da incapacitación xudicial dun proxenitor con Alzheimer ou outra demencia.

A última reforma legal eliminou a incapacitación xudicial das persoas con discapacidade. No seu lugar, a lei establece medidas de apoio para as persoas con discapacidade, a fin de que poidan exercer a súa capacidade xurídica.

## Atención psicolóxica.

**A atención ás persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras demencias ten un impacto significativo no benestar e na calidade de vida dos cuidadores familiares,** afectando a súa saúde física e mental e tendo así mesmo repercusións a nivel social, familiar e profesional.

Así **prestamos atención psicolóxica a través de accións de acompañamento personalizado** e continuado do familiar que realiza a tarefa de cuidador/a principal durante o proceso de evolución da enfermidade.

A intervención psicolóxica busca colaborar co familiar na diminución das múltiples alteracións que sofre no seu estado de ánimo debidas aos continuos cuidados que realiza (ansiedade, depresión, angustia, soidade...)

## Escola de familias.

A Escola de Familias, dirixida pola psicóloga da asociación, **busca aportar coñecementos útiles e aplicables na vida cotiá dos familiares** que conviven cunha persoa afectada.

As sesións están orientadas a abordar dous dos principais problemas que nos achegan as persoas cuidadoras: problemas de comunicación e o manexo dos trastornos de conduta.

**Este ano levouse a cabo en Ribeira asistindo 18 persoas (17 mulleres, 1 homes).**

# 7. Formación

Servizo de formación sobre o Alzhéimer e outras demencias, para persoas usuarias, familias e poboación en xeral.

# 7. Formación

Son destinatarios deste programa as familias dos/as usuarios/as de AGADEA, así como á poboación en xeral que estea interesada en recibir formación sobre o Alzheimer e outras Demencias.

Este ano organizamos a II edición do **Curso superior de atención especializada na enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodegenerativas**. A parte práctica foi de 120 horas.

Este curso tiña como obxecto que os alumnos desempeñaran a súa profesión con todos os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para alcanzar a excelencia profesional. Asistiron 20 persoas



## Obxetivos

- Formar aos cuidadores/as sobre todos os aspectos da enfermidade de Alzheimer.
- Adquirir maior comprensión e sensibilización ante a enfermidade por parte da poboación en xeral.

## As cifras

64

Cursos

578

Participantes

# 8. Sensibilización e comunicación

Ferramentas de concienciación  
para posicionarnos na actualidade

# 8. Sensibilización e comunicación



## No mes do Alzheimer

Un xornada fundamental de mobilización para o noso colectivo é o **Día Mundial do Alzheimer** no que buscamos dar a coñecer a doenza, aumentar a concienciación e solidariedade cidadá e sensibilizar a todas as autoridades para que se apliquen as medidas sociais e sanitarias efectivas para os enfermos, as súas familias e os seus cuidadores.

## Pasabodeghas, participando coa veciñanza

Un ano máis participamos no Pasabodeghas do Concello de Vedra. Trátase dun **enccontro no rural que permite descubrir o sentir da aldea a través de exposicións en adegas, música tradicional, contos...** e no que está implicada toda a veciñanza, entre eles as persoas usuarias do noso centro.



## Sensibilizando no ámbito sanitario e a cidadanía

A Mesa Informativa do Hospital Clínico Universitario, presidida pola presidenta de AGADEA, M<sup>a</sup> Isabel Gey, **recibiu a visita do neurólogo do CHUS, Juan Manuel Pías Peleteiro**, asiduo colaborador da entidade e coñecido de moitas das familias que reciben este diagnóstico na área de Santiago.

Ademais instalamos 8 mesas en distintos puntos de Santiago, Ribeira e A Estrada.



## 8. Sensibilización e comunicación

### As 'mareas verdes' inundan Ribeira e A Estrada

Camiñar polo Alzheimer, sensibilizar á sociedade sobre esta doenza e manter uns hábitos de vida saudables son os obxectivos das andainas 'Os Camiños da Memoria', na que participan familias completas, desde os nenos aos maiores.

Nelas involúcrase todo o persoal de AGADEA, as familias, voluntarios e voluntarias, á veciñanza e mesmo o tecido comercial local.

LIGAZÓN AO VIDEO  
Ribeira

LIGAZÓN AO VIDEO  
A Estrada





## 8. Sensibilización e comunicación

### Máis de 100 persoas de AGADEA participan no Sensoxenoma

Os efectos da música sobre os xenes e a súa capacidade para frear ou paliar enfermidades como Alzheimer é o obxectivo de Sensoxenoma22.

O compromiso coa investigación das persoas que forman parte de AGADEA levounos a participar nesta recollida de mostras xenéticas a gran escala, antes e despois dun concerto. Estas mostras permitirán profundar nas bases do estímulo musical e analizar os mecanismos biolóxicos tras este estímulo.

### Saúdo persoal do actor protagonista de '100 días con la tata'

Convidamos ás familiares e persoas usuarias da asociación a unha sesión de cine para ver '100 días coa Tata', unha emotiva película que conta a relación que une ao famoso actor Miguel Ángel Muñoz co seu case centenaria 'tata'. O actor e director da película saudounos nun vídeo gravado exclusivamente para nós, o que nos fixo moi felices.

### Achegámonos a 32 librerías galegas e repartimos 350 marcapáxinas

Este proxecto, que se enmarca dentro dos talleres de laborterapia, permítenos establecer relacións sociais coa veciñanza dos nosos pobos e cidades.

Esta ano quixemos recoñecer o traballo das librerías e do comercio local e resultou sumamente gratificante. Chegamos a repartir ata 350 marcapáxinas poéticos entre 32 librerías galegas con motivo do Día do Libro.



# 8. Sensibilización e comunicación



## Nace o primeiro Premio de Literatura Infantil Simbad para o recordo e o ALZHEÍMER

Agadea crea o Premio Simbad para o recordo e o Alzheimer como o instrumento máis idóneo en galego para facer comprender, empatizar e achegar a dura realidade do Alzheimer aos nenos e nenas galegos.

Impulsado pola escritora Ánxela Gracián, conta no seu xurado por destacados literatos como Fina Casalderrey, Francisco Castro, Blanca-Ana Roig-Rechou, Baldo Ramos e tamén a presidenta de Agadea Isabel Gey.

A escritora Raquel Castro resultou gañadora por unanimidade coa obra 'Sobremesa sobre Versos'. E Rosalía Morlán, recibiu un accésit polo texto 'Cando o avó esqueceu o seu nome'.

LIGAZÓN AO VIDEO

# 8. Sensibilización e comunicación



# 8. Sensibilización e comunicación

## Impactos nos medios e redes sociais.

### Redes sociais e web

	2021	2022
Facebook	3590 seguidores/as	4585
Instagram	516	1034
Twitter	678	749
Linkedin	-	487
Páxina web	9.752 usuarios/as	11502

### Impactos nos medios

#### 100 impactos

84 en prensa

9 en televisión

7 en radio



### Notas de prensa



# 8. Sensibilización e comunicación

## Impactos nos medios.



# 9. Voluntariado e prácticas

Persoas comprometidas  
Dende os 18 aos 80 anos.

## 9. Voluntariado e prácticas

# Programa do voluntariado

En AGADEA consideramos básica a implicación do tecido social na problemática das persoas que sofren Alzheimer e as súas familias.

O Programa de Voluntariado de AGADEA céntrase en visitas de acompañamento e estimulación a enfermos de Alzheimer ou outras demencias.

Estas visitas realizáronse semanalmente, por parellas, e resultaron moi gratificantes para a persoa, que realiza actividades novas e estimulantes, e para o/a coidador/a supuxeron un respiro e un apoio, ademais do reforzo de que outras persoas tamén participen do seu problema.

Para AGADEA o voluntariado ten un valor social inigualable. Atopamos persoas comprometidas, activas, con dispoñibilidade para apoiar e con iniciativa propia. Aportan ideas, colaboran e en definitiva aportan valor engadido.

En canto ao perfil das persoas voluntarias é maioritariamente de sexo feminino, nun rango de idade comprendido entre os 18 e os 30 anos. Segundo a profesión dos mesmos, os que traballan, xunto cos xubilados e os estudantes, son os voluntarios que máis colaboran. Por estudos, sobresaen as persoas que teñen estudos universitarios.

37

persoas  
voluntarias

Voluntariado Senior: inestimable apoyo con preto dos 90 anos





# 10. Axudas e entidades colaboradoras

# 10. Axudas e entidades colaboradoras



## Entidad concedente

## Programa desarrollado

### Consellería de Política Social

IRPF 2022: Apoio e formación. Programa enfocado a charlas e sesións formativas para as familias.

IRPF 2022: Atención diúrna. Programa dirixido ás persoas usuarias centrado na atención e estimulación cognitiva.

IRPF 2022: Axudas técnicas. Programa que desenvolve sesións de xerontoximnasia para o mantemento físico das persoas usuarias.

IRPF 2022: Maiores con cargas. Programa que busca reducir a carga familiar aos cuidadores/as a través de sesións para as persoas usuarias.

IRPF 2022: Deterioración cognitiva. Programas de carácter preventivo que se centra en actividades que atrasen o máis posible a deterioración cognitiva.

IRPF 2022: Envelhecimento activo

IRPF 2022: Familia rural. Programa de atención e estimulación terapéutica a persoas usuarias no ámbito rural

IRPF 2022: Respiro familiar. Programa de atención a persoas usuarias e desta forma os cuidadores/as e familiares poidan dispoñer de tempo libre.

IRPF 2022: TICs Programa que impulsa o uso de TIC's coas persoas maiores.

IRPF 2022: Voluntariado. Programa dirixido á axuda voluntaria ás persoas usuarias.

IRPF 2022 Inversión: Equipamento tecnolóxico para desenvolvemento de actividades Programa que permite a adquisición de material para a implementación dun espazo e poder realizar as actividades programadas.

Actividades de voluntariado. Programa que vai dirixido á comunidade galega e ten como fin a colaboración desinteresada para dar apoio e axuda ás persoas usuarias

Voluntariado sénior. Adquisición de vehículo adaptado. A través deste programa é posible realizar o traslado seguro das persoas usuarias dos seus fogares aos distintos centros de AGADEA.

# 10. Axudas e entidades colaboradoras



Entidad concedente	Programa desarrollado
Consellería Sanidade	Programa de rehabilitación integral para persoas con alzhéimer
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	Premio literario O Teu Xacobeo: Un camiño de lembranzas
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	Mulleres coidadoras na igualdade. Incentivos á contratación por conta allea e á formación. Programa de Cooperación. Programa que impulsa a contratación de persoal e que durante o tempo que forman parte da entidade adquiren experiencia e á vez formen parte activa do desenvolvemento das actividades que se realizan nos centros.
Deputación de Pontevedra	Estimulación Cognitiva e psicomotriz para persoas con deterioración cognitiva. Programa que ten como fin ofrecer un servizo integral ás persoas usuarias, a través de sesións de estimulación cognitiva e á vez de estimulación física.
Deputación da Coruña	FOIE: Equipamento para espazo dixital de rehabilitación FOAXE-C: Mantemento Centro de día Ribeira FOIE-V: Adquisición de vehículo adaptado

# 10. Axudas e entidades colaboradoras



Concello de Trazo



# Moitas grazas polo voso apoio

Séguenos nas nosas redes



Memoria de actividades 2022

Asociación galega de axuda aos enfermos  
con demencia tipo Alzhéimer

Santiago de Compostela

[www.agadea.org](http://www.agadea.org)

